

## **PALAS DE REI CONTARÁ COA PRIMEIRA OFICINA TÉCNICA MUNICIPAL DA ULLOA DE ASESORAMENTO AOS GANDEIROS SE GOBERNA HORACIO ROUCO**

Así llelo trasladou o candidato socialista aos veciños no percorrido realizado esta mañá pola feira, e no que estivo acompañado por González Santín e Ricardo Varela

Este servizo pioneiro na comarca demostra a forte aposta que fai o alcaldable por este sector. O centro disporá de especialistas na materia, co fin de prestar unha atención “axeitada e de calidade, tal e como precisan os nosos produtores tan castigados polo abandono dos Gobernos do PP”

“Aquí é onde se ve como gobernamos uns e como os fan outros”, destacou González Santín. “Fronte a unha desidia sen parangón e un abandono sen precedentes da Xunta de Galicia, os socialistas demostramos que somos a única forza real e capaz de dar solucións aos problemas dos sectores estratéxicos para os lucenses”, afirmou

O secretario Provincial referiuse así “á desvinculación” de Medio Rural respecto da notable baixada dos prezos do leite. Segundo o Fondo Español de Garantía Agraria, dende os 38 céntimos de media coa que arrancou a tempada de 2014 aos 30 actuais, os gandeiros perderon uns 8 céntimos por litro; o que supón un descenso do 21%

**Palas de Rei, 19 de maio de 2015.-** O candidato á alcaldía de Palas de Rei –Horacio Rouco-, acompañado do secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- e do senador por Lugo –Ricardo Varela-, explicou este martes aos veciños que este municipio contará coa primeira oficina técnica municipal da Ulloa de asesoramento aos gandeiros se acada a confianza dos cidadáns o vindeiro domingo nas urnas.

Trátase dun dos principais compromisos que asume o socialista para os vindeiros catro anos, e que demostra a forte aposta que o alcaldable fai por este sector; un dos principais piares da economía local. Deste xeito, segundo explicou Rouco, este servizo disporá de especialistas na materia, co fin de prestar unha atención “axeitada e de calidade, tal e como precisan os nosos produtores tan castigados polo abandono dos Gobernos do Partido Popular”.

E é que, tal e como indicou, “os gandeiros de Palas e, tamén os da provincia, recordarán a campaña láctea 2014-2015 como unha das peores debido a unha tendencia á baixa dos prezos”. Por iso, subliñou o candidato, “os socialistas manifestamos un compromiso extraordinario con eles, a través da posta en marcha desta iniciativa, na que recibirán todo tipo de información e se sentirán, por primeira vez, respaldados e amparados”, afirmou Rouco.

### **Diferenzas na forma de gobernar**

“Aquí é onde se ve como gobernamos uns e como os fan outros”, destacou González Santín. “Fronte a unha desidia sen parangón e un abandono sen precedentes da Xunta de Galicia,



os socialistas demostramos que somos a única forza real e capaz de dar solucións aos problemas dos sectores estratéxicos para os lucenses”. O secretario Provincial referiuse así “á desvinculación” da consellería de Medio Rural respecto da notable baixada dos prezos do leite. Proba diso, é que segundo datos do Fondo Español de Garantía Agraria, dende os 38 céntimos de media coa que arrancou a tempada de 2014 aos 30 actuais, os gandeiros perderon uns oito céntimos por litro; o que supón un descenso do 21%.

Esta diminución é a que está provocar, precisamente, que as granxas de Galicia e, por tanto, as lucenses, sexan as que venden o leite máis barato de toda España. Na provincia existen, segundo datos facilitados por Unións Agrarias, 4.939 explotacións en activo, que producen 1.034.937.150 litros de leite. Con estes datos, e dados os prezos actuais, obtense que este ano as explotacións lucenses poderían acumular unhas perdas anuais que superan os 80 millóns con respecto á media das granxas do Estado.

No caso concreto da Ulloa, que aglutina o 48% da produción da provincia, os beneficios reduciríanse en preto de 4 millóns neste exercicio. Esta zona conta con 234 explotacións, que producen 49.633.550 litros. Distribúense do seguinte xeito: Antas de Ulla (33 granxas, 4.740.799 litros); Monterroso (84 granxas, 18.387.254); e Palas de Rei (117; 26.541.497 litros).

#### **“Contratos ilegais”**

Esta situación evidencia, ademais, denunciaron os socialistas que “os contratos asinados ou renovados da nova campaña son ilegais” porque ofrecen tarifas por debaixo dos 30 céntimos para cubrir os custos e, en máis dun millar, -o 10% do total-, o prezo acordado non chega nin tan sequera aos 20 céntimos.

“Os socialistas non imos permanecer agochados como fai o Partido Popular na Xunta, quen está a ver que os nosos gandeiros perden cartos, e mira para outro lado, pois segue sen convocar os Plans de Mellora das explotacións; o que fai que estas axudas se continúen retrasando; algo que é inaprazable e incuestionable, xa que o Executivo só ten que aportar o 12,5% pois o resto provén de fondos comunitarios”, destacou Santín.

